



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a los coeficientes reductores de la edad de jubilación que se aplica a los tripulantes de los palangreros-congeladores o arrastradores-congeladores que faenan en aguas internacionales.**

Uno de los ejes fundamentales de la acción del BNG es la defensa del sector pesquero gallego, la dignificación de las condiciones laborales de las personas que viven del mar y la mejora de su protección social, teniendo en cuenta las duras condiciones en la que se desarrolla esta actividad. En esta línea, cabe destacar las iniciativas presentadas para ampliar e incrementar los coeficientes reductores que se aplican a los trabajadores del mar debido al carácter arduo de esta actividad y su impacto directo en la salud.

Precisamente, en la tramitación de la Ley de Pesca 5/2023, de 17 de marzo, de pesca sostenible e investigación pesquera, el BNG reclamó la mejora de los coeficientes reductores de diferentes colectivos de la pesca, el marisqueo y el mar.

Los coeficientes de reducción que se aplican actualmente a las personas que trabajan en el mar varían según la actividad y oscilan entre 0,15 y 0,40. En el caso de la Marina Mercante varían entre 0,40 a 0,20; en tareas a bordo de buques pesqueros oscilan entre 0,40 y 0,15; a los estibadores portuarios se les aplica un 0,30; al marisqueo, recogida de percebes y recolección de algas, el 0,15; a las rederas, neskatinas y empacadoras, el 0,1; y, por último, a las actividades de buceo, el 0,15.

En el caso de buques congeladores, se aplica el coeficiente de reducción máximo de 0,40. Sin embargo, el Ministerio, mediante una interpretación arbitraria y sin fundamento de la Secretaría General de Pesca, ha determinado que los buques registrados como palangreros congeladores o arrastreros congeladores que operan en aguas internacionales, igual que los grandes buques congeladores y en las mismas condiciones difíciles que éstos, no son considerados buques congeladores a la hora de aplicar los coeficientes reductores. Así, el Ministerio les niega la aplicación del coeficiente máximo de jubilación del 0,40, y todo el sector pesquero y las administraciones públicas gallegas rechazan esta decisión por considerarla una clara discriminación.



Precisamente, en la última Comisión Sectorial de Política Social y Seguridad de la Flota celebrada el 14 de mayo en Santiago, se reclamó la modificación de la Circular 4/2023, de 15 de diciembre de la Secretaría de Pesca, que volvía a quitar el coeficiente máximo a los palangreros de superficie (espaderos) y arrastreros al no considerarlos congeladores, medida con la que se retrasa el acceso a la jubilación.

Esta decisión perjudicará a más de 1.500 marineros de 149 buques gallegos, 117 palangreros congeladores y 32 arrastreros congeladores, cuyos trabajadores están sometidos a condiciones duras, insalubres y peligrosas, que el Instituto Social de la Marina ignora. Desarrollan su actividad en caladeros de aguas lejanas, pasan mucho frío a bordo, trabajan largas jornadas en condiciones meteorológicas adversas y permanecen a bordo durante largas temporadas. Esta discriminación no se entiende para las flotas pesqueras que cumplen los criterios requeridos.

Se trata, además, de una flota estratégica para Galicia, ya que alrededor del 70% de la flota congeladora de todo el Estado tiene base en nuestro país, por lo que la medida afectará en mayor medida al sector pesquero gallego. Por ello, es fundamental que el Gobierno del Estado rectifique y corrija esta decisión discriminatoria para las flotas mencionadas e inicie el diálogo con los afectados, reconociendo el coeficiente máximo de reducción para los buques y los marineros.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las razones que han llevado al Ministerio a no considerar a los buques matriculados como palangreros congeladores o arrastreros congeladores como buques congeladores a los efectos de la aplicación de los coeficientes de reducción por jubilación, cuando desempeñan sus funciones en condiciones similares? ¿Sabe que en ambos casos trabajan en alta mar, durante largos períodos de tiempo, congelando la carga en idénticas condiciones de penosidad, peligrosidad e insalubridad?
2. ¿Por qué el Ministerio decidió impedir que los trabajadores del mar de estos buques accedieran al coeficiente máximo de reducción de la edad de jubilación del 0,40?
3. ¿Está de acuerdo en que constituye una discriminación injustificada que los trabajadores del mar en los palangreros congeladores y en los arrastreros congeladores realicen sus



actividades en las mismas condiciones arduas, insalubres y peligrosas que la tripulación de los buques congeladores?

4. ¿Ha tenido en cuenta que se trata de trabajadores del mar que desarrollan su actividad en caladeros de aguas lejanas, pasan mucho frío a bordo, trabajan largas jornadas en condiciones meteorológicas adversas y permanecen a bordo durante largas temporadas?

5. ¿Revisará el Ministerio esta situación injusta y modificará la Circular de la Secretaría de Pesca 4/2023, de 15 de diciembre, tal y como se solicitó en la Comisión Sectorial de Política Social y Seguridad de la Flota el pasado 14 de mayo?

6. ¿Es consciente de que está perjudicando a más de 1.500 marineros de 149 buques gallegos? ¿Tiene en cuenta que el 70% de la flota congeladora del Estado tiene base en Galicia?

7. ¿Hasta qué punto está dispuesto a reunirse con los sectores afectados y llegar a un acuerdo para restablecer los coeficientes máximos de reducción para los marineros de los palangreros congeladores y los arrastreros congeladores?

Madrid, a 29 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
29 MAY. 2025 12:13:49
Entrada 70024

Sobre os coeficientes redutores da idade de xubilación en palangreiros e arrastreiros conxeladores

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos coeficientes redutores da idade de xubilación que se aplica aos tripulantes de palangreiros-conxeladores e arrastreiros-conxeladores que faenan en augas internacionais.**

Un dos eixos fundamentais da acción do BNG é a defensa do sector pesqueiro galego, a dignificación das condicións laborais das persoas que viven do mar e a mellora da súa protección social atendendo ás duras condicións desta actividade. Nesa liña, son de destacar as iniciativas presentadas para ampliar e incrementar os coeficientes redutores que se aplican aos traballadores e traballadoras do mar pola penosidade desta actividade e que repercuten directamente na saúde.

Precisamente, na tramitación da Lei de Pesca 5/2023, de 17 de marzo, de Pesca Sustentábel e Investigación Pesqueira, o BNG reclamou a mellora dos coeficientes redutores de distintos colectivos pesqueiros, de marisqueo e profesionais do mar.

Os coeficientes redutores a aplicar na actualidade ás persoas traballadoras no mar varían pola actividade e van desde o 0,15 a 0,40. No caso da Mariña Mercante varían entre 0,40 a 0,20; en tarefas a bordo de embarcacións de pesca van de 0,40 a 0,15; aos estibadores portuarios aplicaselle o 0,30; para o marisqueo, recollida de percebes e recollida de alga o 0,15; a redeiras,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 MAY. 2025 12:13:49

Entrada 70024



neskatillas e empacadoras o 0,1; e, finalmente, a actividades de mergulladores o 0,15.

No caso dos buques conxeladores aplícase o coeficiente redutor máximo previstos de 0,40, porén, o Ministerio, a través dunha interpretación arbitraria e sen xustificación da Secretaría Xeral de Pesca, vén de determinar que os barcos rexistrados como palangreiros-conxeladores ou arrastreiros-conxeladores que faenan en augas internacionais, igual que os grandes conxeladores e nas mesmas condicións de penosidade que estes, non sexan considerados buques conxeladores á hora de aplicar os coeficientes redutores. Así, o Ministerio négalles a aplicación do coeficiente de xubilación máximo do 0,40 e o conxunto do sector pesqueiro e das administracións públicas galegas rexeitan esta decisión por considerala unha clara discriminación.

Precisamente na última Comisión Sectorial de Política Social e Seguridade da Frota celebrada o pasado 14 de maio en Santiago, demandouse a modificación da Circular 4/2023, do 15 de decembro da Secretaría de Pesca que volvía retirar o coeficiente máximo aos mariñeiros de palangreiros de superficie (espadeiros) e arrastreiros ao non consideralos conxeladores, medida coa que se atrasa o acceso á xubilación.

Esta decisión prexudicará a máis de 1.500 mariñeiros de 149 barcos galegos, 117 palangreiros-conxeladores e 32 arrastreiros-conxeladores, cuxos traballadores están sometidos a condicións de penosidade, insalubridade e perigo, que o Instituto Social da Mariña está a obviar. Levan a cabo a súa actividade en caladoiros en augas afastadas, conxelan a bordo, fan longas xornadas con condicións climáticas adversas e están embarcados durante longas tempadas. Non se entende esta discriminación para unhas frotas pesqueiras que cumplen cos criterios requiridos.

Trátase ademais dunha frota estratéxica para Galiza, pois ao redor de 70% da frota conxeladora de todo o Estado ten a súa base no noso País, polo que a medida afectará en maior medida ao sector pesqueiro galego. Resulta pois imprescindible que o Goberno do Estado rectifique e corrixa esta decisión



discriminatoria para as frotas mencionadas e inicie o diálogo cos afectados, recoñecer o coeficiente redutor máximo ás e os mariñeiros.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son as razóns que levaron ao Ministerio a non considerar buques conxeladores aos barcos rexistrados como palangreiros-conxeladores ou arrastreiros-conxeladores aos efectos de aplicación dos coeficientes redutores da xubilación cando desempeñan as súas funcións en condicións semellantes? É consciente de que en ambos casos faenan en alta mar, durante largos período de tempo, conxelando a carga en iguais condicións de penosidade, perigosidade e insalubridade?
2. Porqué decidiu o Ministerio impedir que os traballadores do mar destes barcos poidan acceder ao máximo de coeficientes redutores da idade de xubilación do 0,40?
3. Comparte que se trata dunha discriminación inxustificada cando as persoas traballadoras do mar dos palangreiros-conxeladores e dos arrastreiros-conxeladores realizan a súa actividade nas mesmas condicións de penosidade, insalubridade e perigo que os tripulantes de barcos conxeladores?
4. Ten en conta que se trata de traballadores do mar que levan a cabo a súa actividade en caladoiros en augas afastadas, conxelan a bordo, fan longas xornadas con condicións climáticas adversas e están embarcados durante longas tempadas?
5. Revisará o Ministerio esta situación inxusta e modificará a Circular da Secretaría de Pesca 4/2023, do 15 de decembro como se demandou na Comisión Sectorial de Política Social e Seguridade da Frota do pasado 14 de maio?



6. É consciente de que está a prexudicar a máis de 1.500 mariñeiros de 149 barcos galegos? Ten en conta que 70% da frota conxeladora do Estado ten a súa base na Galiza?
7. Que disposición ten a reunirse cos sectores afectados e chegar a un acordo para o restablecemento dos coeficientes redutores máximos aos mariñeiros dos palangreiros-conxeladores e dos arrastreiros-conxeladores?

Madrid, a 29 de maio de 2025

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Néstor Rego Candamil'.

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso